

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), sendo a data prevista de inicio o próximo día 25 de marzo de 2019 ata o 24 de setembro de 2019, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 30 de setembro de 2019, dentro do programa "Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 3 de marzo de 2018.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, dun peón de servizos múltiples, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), sendo a data prevista de inicio desde o próximo día 25 de marzo de 2019 ata o 24 de setembro de 2019, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 30 de setembro de 2019, dentro do programa "Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 3 de marzo de 2018.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA "FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018", FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexerese polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao programa "Fomento do emprego do Plan Provincial Único



de Coöperación cos concellos 2018", financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 3 de marzo de 2018, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), sendo a data prevista de inicio o próximo día 25 de marzo de 2019 ata o 24 de setembro de 2019, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 30 de setembro de 2019, en horario que demande o servizo. Establécese un período de proba de un mes.

4º.- RETRIBUCIÓNS.-

As retribucións serán as correspondentes ó grupo E, complemento de destino 14.

5º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.-

- a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.



- f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- g) Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este Concello máis de 18 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, a os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.
- h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada (Base 8ª.1 do Plan único de cooperación cos concellos 2018, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo).

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

A persoa seleccionada e antes da dación de alta deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexe participar no proceso de selección, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do concello de O Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. En todo caso xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- DNI, ou no seu caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Titulación esixida.
- Informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego e vida laboral actualizada.
- Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este Concello máis de 18 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. (Anexo III).
- Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. (Anexo III).



-Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo III).

-Méritos que se alegan. (Anexo IV) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Se a solicitude se presenta noutros rexistros habilitados a documentación que se acompaña deberá ser en orixinal, ou fotocopia cotexada ou compulsada, sen perxuízo de que en calquer momento se lle poda requerir a documentación orixinal.

No caso de presentar a documentación neste concello, deberán traer a documentación orixinal para o seu cotexo, faríaselles aquí as fotocopias.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratado, quedando anuladas tódalas actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude de participación.

7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

Rexistro xeral do Concello do Vicedo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do concello de O Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión dos candidatos e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do Concello do Vicedo: empregovicedo.blogspot.com, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros. Con indicación, igualmente, do día e hora na que terá lugar e proba de selección.

De non existir aspirantes excluídos, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.



9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista de admitidos e excluídos provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

10. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –

a) Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba de coñecementos: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración, (agás as relacionadas con coñecementos básicos de cálculo matemático) relacionadas co temario que figura no Anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

- Proba práctica: Esta proba simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto de traballo que se convoca (relacionada con fontanería, electricidade, albanelería, desbroce...), a proposta do Tribunal de Valoración, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba.

b) Fase de concurso:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ós aspirantes que superen o exercicio anterior.

Puntuación de méritos:

- Por experiencia en traballos iguais ou semellantes:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requerirá ós interesados para que os acrediten.



No caso de que o número de aspirantes declarados aptos polo tribunal de valoración fose superior ao número de postos de traballo convocados, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos cos aspirantes declarados aptos de igual puntuación ata eliminar aqueles que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

11. - RESOLUCIÓN. -

A resolución do proceso selectivo farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.


ANEXO I

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
 - 2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:
 - Parroquias.
 - Lugares.
 - Praias, ríos, illas, montes.
 - Rutas e lugares de interese turístico.
 - Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais
 - 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, división, quebrados, porcentaxes, raíces cuadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.
 - 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da península ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.
 - 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.
- 2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.
- 3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo (Base 8ª.4 do Plan único de cooperación cos concellos), no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do Concello: empregovicedo.blogspot.com, e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

Mándao e asíno o Sr Alcalde - Presidente; no Vicedo a vinte e tres de xaneiro de dous mil dezanove.

O Alcalde,

Ante min,
O Secretario





ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.


DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO:
PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN
--	---

DATOS DO SOLICITANTE:
Apelidos e nome:
DNI:
Enderezo:
Enderezo electrónico:
Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2019
(Sinatura)




ANEXO III

D. /Dña....., con DNI.....,
e domicilio en.....

En relación coa selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), sendo a data prevista de inicio o próximo día 25 de marzo de 2019 ata o 24 de setembro de 2019, cunha duración de 6 meses, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 3 de marzo de 2018.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:



a) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

b) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

c) Non haber traballado para este Concello máis de 18 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, e os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

O Vicedo, a dedo 2019.

(Sinatura)



ANEXO IV

PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN Ó SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- 9.-
- 10.-
- (...)

O Vicedo, de de 2019
(Sinatura)